



fundación
VEDRUNA EDUCACIÓN
María Inmaculada-Vigo

PROXECTOED
UCATIVO

2022-2023

OBXECTIVO TRIANUAL 21/24

“EDUQUEMOS A MIRADA CON SENTIDO, DENDE A FRATERNIDADE, PARA O SERVIZO”

Curso 2021-2022: “EDUQUEMOS A MIRADA CON SENTIDO”

Curso 2022-2023: “EDUQUEMOS A MIRADA DENDE A FRATERNIDADE”

Curso 2023-2024: “EDUQUEMOS A MIRADA PARA O SERVIZO”


O noso obxectivo é educar a MIRADA CO CORAZÓN dos alumnos cara ao seu interior, para atopar o sentido que lles permitirá mirar e recoñecer aos outros dunha maneira renovada e fraterna, para finalmente abrir a mirada ao mundo enteiro e sentir a necesidade de poñer as súas capacidades, actitudes e aptitudes ao servizo da sociedade na construción dun mundo mellor.

Curso 2022-23 “EDUQUEMOS A MIRADA DENDE A FRATERNIDADE”

Persoas en relación cos demais.

O obxectivo deste ano é formar persoas capaces de cultivar relacións humanizadoras.

Por medio destas relacións as persoas manifestan e comparten os seus sentimentos, ideas, crenzas e saberes; descubren a posibilidade de enriquecerse con todo o que as rodea e aportan canto son en favor do ben común.



PLAN DE ACTIVIDADES DO CURSO 2022-2023

SETEMBRO:

7	Mérc.	Reunión con Pais de alumnos de 4º EI
8	Xoves	Comeza a xornada lectiva para EI, EP, ESO e Bacharelato
21	Mérc	Reunión con Pais de alumnos de 1º e 2ºEP
22	Xoves	Reunión con Pais de alumnos de 6ºEP
21,22,23 y 24		Convivencia Camiño de Santiago cos alumnos de 3º, 4º ESO e Bacharelato.
26	Luns	Reunión con Pais de alumnos de 1º e 2º de Bacharelato
27	Martes	Consello escolar. Reunión con Pais de alumnos de 4º EP.
28	Mérc.	Reunión con Pais de alumnos de 1º e 2º ESO. Avaliación inicial EI e EP.
29	Xoves	Reunión con Pais de alumnos de 3º e 5ºEP
30	Venres	Convivencia Presentación Obxectivo do curso 1º e 2ºESO

OUTUBRO:

3	Luns	Comeza a xornada pola tarde. Reunión con Pais de alumnos de 6º EI.
5	Mérc-	Reunión con Pais de alumnos de 5º EI e 3º e 4º ESO.
12	Mérc	Día da Hispanidade. Festivo
13	Xoves.	Avaliación inicial 1º,2º ESO e 2º Bacharelato.
19	Mérc	Avaliación inicial 3º,4º ESO e 1º Bacharelato
20	Mérc	Preavaliación de 2º de Bach.
23	Dom	Domund
31	Luns	Día do ensino. Non lectivo.

NOVEMBRO:

1	Martes	Todos os Santos. Festivo
2	Mérc	Defuntos.
22	Martes	1ª Avaliación 2º Bach.
27	Dom.	Primeiro Domingo de Advento

DECEMBRO:

5	Luns	Día non lectivo solicitado polo centro
6	Martes	Día da Constitución. Festivo
7	Mérc	Celebración cos alumnos do Día da Inmaculada.
8	Xoves	Festa da Inmaculada. Festivo. Celebración coas familias do Día da Inmaculada.
12	Luns	1ª Evaluación EI. Comezo da campaña de recollida de alimentos.
13	Martes	1ª Avaliación 3º e 5ºEP.
14	Mérc.	1ª Avaliación 1º e 2ºEP
15	Xoves	1ª Avaliación 1º e 2º ESO , 4º e 6ºEP
19	Luns	1ª Avaliación 1º Bach
20	Martes	1ª Avaliación 3º e 4º ESO. Festival de Nadal EI, 1ºy 2ºEP.
21	Mérc.	Festival de Nadal
23	Venres	Vacacións de Nadal.

XANEIRO:

9	Luns	Volta ás clases.
26	Xoves.	Consello Escolar
30-3		Semana da Paz e da Convivencia
30	Domingo	Día da no Violencia e da Paz.

FEBREIRO:

8	Mérc.	Día do Xaxún voluntario. Proxecto Fundación Vic
20	Luns	Entroido. Non lectivo
21	Martes	Entroido.Non lectivo
22	Mérc.	Cinza. Comezo da Cuaresma. Non lectivo
23	Xoves.	2ª Avaliación 2º Bach.
24	Venres	Celebración da Fundación da Congregación HH. Carmelitas para alumnos
26	Domingo	Fundación da Congregación HH. Carmelitas
27	Luns	Celebración da Fundación da Congregación HH. Carmelitas para profesores

MARZO:

8	Mérc.	Día Internacional da Muller.
13	Luns	2ª Avaliación 3º ESO.
14	Martes	2ª Avaliación 1º Bach e 4º ESO.
15	Mérc.	2ª Avaliación 1º e 2º ESO.
20	Luns	Celebración do Perdón. 2ª Avaliación EI.
21	Martes	2ª Avaliación 3º e 5º EP.
22	Mérc.	2ª Avaliación 4º e 6º EP.
23	Xoves	2ª Avaliación 1º e 2º EP.
28	Martes	Reconquista de Vigo. Festivo.
31	Venres	Triduo Pascual para alumnos.

ABRIL:

3	Luns	Vacacións de Semana Santa
11	Martes	Volta das vacacións
23	Domingo	Día do libro

MAIO: "MES DE MARÍA"

1	Luns	Festa do Traballo. Festivo
17	Mérc.	Día das Letras Galegas. Festivo
22	Luns	Celebración Sta Joaquina.
23	Martes	3ª Avaliación 1º Bach
25	Xoves	Pola tarde comezan as Festas colexiais.
26	Venres	Celebración relixiosa. Festas colexiais.

XUÑO:

2-6		Exames finais 1º Bacharelato
5	Luns	3ª Avaliación 1º ESO.
6	Martes	Avaliación final 1º Bacharelato. 3ª Avaliación 4º ESO.
7	Mérc.	3ª Avaliación 2º e 3º ESO.
15	Xoves	Avaliación final 3º e 5º EP
19	Luns	Avaliación final 1º e 2º EP.
16-21		Exames finais ESO e exames extraordinarios 1º Bach.
20	Martes	Avaliación final EI e 4º EP
21	Mérc.	Avaliación final 6º EP. REMATE DAS ACTIVIDADES LECTIVAS.
22	Xoves	Comezo Vacacións Verán

Plan de interioridade

Cando falamos de educación de Interioridade estamos a falar de crear persoas comprometidas desde o interior, que sexan capaces de afrontar os conflitos como oportunidades de crecemento e saiban facer lecturas profundas das súas vidas.

Nun mundo competitivo, no que os cambios acelerados dan orixe a un novo perfil de persoa, é necesario atender ao SER, aprender a escoitarse a un mesmo conectando co máis profundo e sagrado que cada persoa ten dentro dela.

Crece nun mundo máis relaxado e reflexivo, fai que mellore o proceso de ensino-aprendizaxe. Tamén axuda a potenciar a motivación persoal, a creatividade, e capacita a quen así se desenvolve, para valorar e gozar das cousas sinxelas.

A pedagogía da Interioridade ensina a vivenza dos valores sociais, morais, estéticos, intelectuais, afectivos e ambientais, o que leva consigo axudar a ter unhas conviccións profundas e desenvolver unha personalidade firme.

Educación no silencio e a Interioridade é ensinar a achegarse á vida cunha mirada que non queda na superficie das cousas, senón que traspasa e permite a análise e a valoración do esencial.

Os valores que consideramos importantes

Desde os cales realizamos a nosa tarefa docente e que promovemos nos nosos alumnos:

- Amor, respecto, autodisciplina, asertividade.
- Descubrimos os potenciais e os talentos dos nosos alumnos para dende aí deseñar as aprendizaxes significativas.
- Solidariedade e empatía.
- Actitude reflexiva e responsable na toma de decisións; capacidade para asumir compromisos.
- Esfuerzo, constancia e hábito de traballo; ensinamos a traballar con alegría e sentido do deber.
- Autonomía persoal e resiliencia ante as dificultades da vida.
- Sensibilidade ante os problemas dos demais, participación en actividades de voluntariado, fomento do concepto de responsabilidade social.
- Interese pola cultura, a comunicación e a arte. Desenvolvemento de valores democráticos.
- Preocupación polo medio e fomento do coidado do ámbito.
- Rutinas de pensamento.
- Fomento da creatividade.

Formación en lingua estranxeira

Plurilingüismo

O centro imparte, ademais da materia curricular de Lingua Inglesa, outras materias neste idioma:

- Plástica, Música e Educación Física en todos os curso de Primaria de xeito que en todos os cursos da etapa hai tres materias non lingüísticas en inglés.
- Unha ou dúas materias, segundo curso, desde 1º a 4º da ESO.

Seguimos a participar no proxecto **BEDA**. Este proxecto en colaboración con outros centros de toda España consiste nunha implantación gradual do ensino bilingüe Español-Inglés no Colexio reforzando e ampliando determinados aspectos da vida educativa lingüística do Currículo e do ámbito escolar, a través de 3 piares básicos:

- Incremento cualitativo e cuantitativo do ensino do inglés.
- Formación específica do profesorado.
- Avaliación externa con Cambridge para alumnos, profesores e persoal do centro.

Promovemos estancias no estranxeiro cos alumnos maiores e campamentos de inmersión cos de Primaria ademais da participación en proxectos Erasmus.

O noso colexio é centro examinador dos exames de **Cambridge** e cada ano obteñen un diploma que acredita as súas destrezas en inglés.



Proxecto Chromebook.

Levamos anos traballando coas ferramentas educativas de Google desde 5º de Primaria ata Bacharelato. Cada materia ten o seu propio classroom na nube e desde estas clases virtual propóñense aos alumnos diferentes tarefas e recursos online. Ao longo destes anos, os profesores do centro fóronse formando e neste momento contamos cun claustro perfectamente capacitado para levar a cabo este proxecto. Hoxe en día contamos con 22 profesores certificados por Google como Educadores Google de Nivel 1 e 2 ademais de un profesor trainer.

Despois de anos de rodaxe do proxecto, o curso 22-23 comezamos a traballar cos alumnos 2º da ESO cos seus propios equipos (Chromebooks) especialmente deseñados para a utilización destas ferramentas. Seguimos mantendo métodos tradicionais de ensino pero reforzados con estes novos instrumentos, imprescindibles hoxe en día.

Método ABN en Matemáticas.

Dende hai varios cursos, o centro optou por un novo método de ensinanza das matemáticas que está instaurado en toda a etapa de infantil e ata 4º de primaria.

Esta nova metodoloxía, ABN; vai enfocada a aprendizaxe matemática mediante o uso de materiais cotiáns e a través de actividades e situacións próximas á realidade.

Os seus principais características son:

- Como indica o seu nome (Aberto Baseado en Números), carácter aberto, xa que non hai unha única maneira de obter un resultado, senón que se pode chegar de diferentes formas.
- Utilización de materiais cotiáns como botóns, escarvadentes, tapóns...
- A manipulación nas actividades, para axudar ao alumnado na comprensión matemática.
- Situacións próximas á realidade do alumnado.

Innovacións metodolóxicas

Este curso 2022-23 súmase 2º da ESO ao proxecto de transformación dixital. En 1º da ESO amplíase de Matemáticas, Lingua castelá, Bioloxía e Plástica a case a totalidade das materias.

Cunha metodoloxía: baseada na aprendizaxe dos nenos por niveis de tal modo que se adapta as capacidades de cada alumno. Os alumnos deberán traballar de forma autónoma e facendo fincapé que o traballo e tarefas en xeneral deben realizalas na clase. Poderán ir pasando dun nivel a outro ao seu ritmo.

Con axuda de classroom e profesor de apoio, para aqueles nenos que teñan dificultades en alcanzar os mínimos esixibles, potenciarase un seguimento individual e a posibilidade dunha mellora constante do alumno.

Buscarase a motivación dos alumnos a través da Gamificación: técnica para mellorar as habilidades e interese cara o aprendizaxe, sendo esta un aspecto mais do proxecto.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL E ORIENTACIÓN

O obxectivo da titoría é acompañar a cada alumno no proceso de maduración integral como persoa; trátase de establecer co alumno unha relación que o oriente no seu proceso de aprendizaxe, o acompañe nas súas situacións persoais, o asesore nas dificultades e o axude a superalas, establecendo unha relación moi estreita e constante tanto cos rapaces coma cos seus responsables, as familias.

A Acción Titorial é un compoñente inseparable da orientación educativa, polo que, ademais deste Plan para os titores, o Departamento de Orientación tamén traballa e axuda á maduración persoal cos alumnos e cos seus pais.

TITORES EN EDUCACIÓN INFANTIL			
4º A	Ana Álvarez Pol	4º B	Adrián Vázquez Cid
5º A	Julio Ceide Rodríguez	5º B	María Amelia Sánchez García
6º A	Andrea Martínez Dopico	6º B	Ana Mª Salado Pérez
TITORES EN EDUCACIÓN PRIMARIA			
1º A	Cristina Argudín González	1º B	Andrea Rodríguez Alonso
2º A	Teresa Portela Vázquez	2º B	María Rodríguez Alonso
3º A	Alba Araujo López	3º B	Silvia Simón Rodríguez
4º A	Inés Villamor Prieto	4º B	Lorena Pose Juan
5º A	Ángeles Valverde Gómez	5º B	María Jesús Verde Rodríguez
6º A	Carlos López Troncoso	6º B	Ángela Romero Martínez
AULA EDUCACIÓN ESPECIAL			
Sandra Mª Rodríguez			
TITORES EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA			
1º A	María Almeida Bautista	3º A	Patricia Abalde Nieves
1º B	Macarena Izquierdo Castro	3º B	Manuel Alonso García
1º C	Ángela Alonso Guinde	3º C	Mª Carmen Pérez Tanoira.
2º A	Mª Teresa Sánchez Dapena	4º A	Pilar Pazó Riveiro
2º B	Carlos Álvarez Fariña	4º B	Óscar Taboada Villanueva
2º C	Clara María García García	4º C	Lidia Rolán Fernández
TITORES EN BACHARELATO			
1ºA	Magdalena Mariño Vila	1º B	Almudena González- Besada
2º A	Mª Dolores Vila Alonso.	2º B	Mar Sánchez-Agustino

Directora Xeral	Patricia de Dios Alonso
Xefa de Estudos	Rosa M ^a Amoedo Mejuto
Coordinadora Pastoral	María Almeida Bautista
Orientadora	Sandra Rivera Baltanás
Coordinador EI , 1º y 2º EP	Julio Ceide Rodríguez
Coordinadora 3º - 6º EP	Ángeles Valverde Gómez
Coordinador 1º e 2º ESO	Rosa M ^a Amoedo Mejuto
Coordinador 3º e 4º ESO	Óscar Taboada Villanueva
Secretaria	Yolanda Martínez Pernas

VISITAS / SECRETARÍA

Para unha maior eficacia e organización os pais que desexen ser recibidos polo titor ou polo director poden solicitalo a través do seu fillo ou por teléfono concretando o motivo e a data da cita.

Todos os documentos deben ser solicitados cun día de antelación.

A Secretaría do Centro está aberta ao público nos días lectivos, de luns a xoves, de **9,30 a 13,00 h** e de **16,00 a 18,00 h** e o venres de **9,30 a 13,30**.